

15/367 CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZAÇÕES DE USO DOS HORTOS URBANOS MUNICIPAIS NO PARQUE DOS PAXARIÑOS; ANO 2021. APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADXUDICATARIOS E ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Medio Ambiente, do 17 de xuño de 2022, na parte expositiva do cal se fai constar:

“En relación co asunto de referencia téñense en conta os seguintes

ANTECEDENTES

1. O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria do 30 de novembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo número 1/222 relativo á toma de razón da aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos.
2. A dita ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de decembro de 2017.
3. A Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos establece o procedemento de adxudicación das autorizacións de uso dos hortos e os criterios xerais de selección aplicables no seu título II.
4. No Decreto núm. 7935/2021, do 28 de setembro de 2021, aprobouse a convocatoria do procedemento de adxudicación para a concesión de autorizacións municipais na condición de persoas beneficiarias ou concesionarias dos hortos urbanos sitos no Parque dos Paxariños.
5. Finalizado o prazo da convocatoria e ao ser menor o número de solicitudes que o número de hortos urbanos, procedeuse a ampliar o prazo da convocatoria segundo o Decreto núm. 8324/2021, do 14 de outubro de 2021.
6. Ambos os decretos foron publicados na páxina web do Concello de Lugo así como no Taboleiro de Edictos.
7. Na Xunta de Goberno Local do 06/04/2022, aprobouse a listaxe provisional de persoas adxudicatarias, de admitidos fóra de prazo e de admitidos que foron beneficiaria/os da anterior convocatoria, por haber hortos dispoñibles, así como a listaxe de excluídos por incumprimento de algún dos requisitos establecidos no artigo 8 da Ordenanza municipal de hortos urbanos.
8. O dito acordo de Xunta de Goberno Local foi publicado no Taboleiro de Edictos municipal durante un prazo de 10 días, segundo consta no xustificante emitido polo Taboleiro Electrónico.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4462767778222343586.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2022

9. Advertíronse dous erros materiais na listaxe provisional aprobada, que afecta aos apelidos de dúas das persoas solicitantes, corríxense neste informe, conforme ao seguinte:

- D.^a Cristina Fontel Figueroa, con DNI ***1415** corríxese por D.^a Cristina Fontenla Figueroa.

- D. Adrián Prado Campo, con DNI***0476** corríxese por AD. drián Prado Conde.

10. En informe do 04/05/2022, a xefa de Negociado de Rexistro fai constar o seguinte:

“Con relación á Providencia do Servizo de Medio Ambiente de data 29 de abril de 2022, na que se solicita informe sobre a existencia ou non de alegacións presentadas durante o período de exposición pública comprendido entre o 8 de abril e o 26 de abril de 2022 (ámbolos dous inclusive) ao expediente “CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN DE HORTOS URBANOS 2021”

EXPEDIENTE: 2021/M014/000080

Consultados os datos do Rexistro Xeral, do Rexistro Telemático e da Oficina de Intercambio de rexistros deste Concello, non constan rexistradas alegacións para o Servizo de Medio Ambiente.”

11. O 08/06/2022, D.^a Ana M.^a Sánchez Vilariño presentou a súa renuncia a continuar no procedemento por resultar adxudicataria dun horto dos xestionados pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O procedemento de adxudicación das autorizacións de uso dos hortos urbanos situados no Parque dos Paxariños rexeráse polo disposto no título II da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos publicada no BOP de Lugo do 29 de decembro de 2017.

SEGUNDA.- O órgano competente para a aprobación do expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do acordo núm. 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada o día 17 de xullo de 2019, onde se establece:

“PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

....p) a concesión e denegación de licenzas ou permisos para usos privativos de bens de dominio público e de instalacións municipais, salvo cemiterio”

TERCEIRA.- A Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos establece o procedemento de adxudicación das autorizacións de uso dos hortos e os criterios xerais de selección aplicables no seu título II, conforme aos cales foi aprobada a convocatoria e bases polo Decreto núm. 7935/2021, do 28 de setembro de 2021.

O artigo 9.7 da dita Ordenanza establece que unha vez valoradas as distintas solicitudes, exporase ao público a resolución provisional, que conterá a relación de persoas inicialmente admitidas, podendo presentarse por parte destas reclamacións contra a dita resolución, no prazo de dez días naturais, contados dende o día seguinte á súa exposición no Taboleiro de Edictos.

CUARTA.- De conformidade co artigo 9.10 da Ordenanza municipal de hortos urbanos, así como o disposto na base quinta da convocatoria de 28 de setembro de 2021 aquelas persoas que fóra de prazo solicitaron ser beneficiarias do uso ou goce dos hortos urbanos e reúnan os requisitos esixidos na Ordenanza pasan a integrar bolsa de suplentes na que se integran por orde de data de presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

QUINTA.- Un dos requisitos para ser beneficiario segundo o establecido no artigo 8.g) da Ordenanza, é non ter sido beneficiaria/o da adxudicación dun horto urbano na convocatoria inmediatamente anterior a esta, salvo que houberse insuficiencia de solicitudes nesta convocatoria. O quedar hortos urbanos libres procede admitir os beneficiarios da anterior convocatoria."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcadesa Delegado da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcadesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac446276778222343586.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2022

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS OU CONCESIONARIAS DOS HORTOS URBANOS conforme á convocatoria aprobada no Decreto núm. 7935/2021, do 28 de setembro de 2021:

Nº de Orde	Apelidos e nome	D.N.I.	Puntos
1	Fontenla Figueroa, Cristina	***1415**	10
2	Sánchez Rausch, Fernando Gabriel	***2439**	8
3	Bichara, Amal	****1892*	3
4	Mouronte Gandoy, María del Carmen	***2139**	2
5	Ventosinos López, Carmen Olga	***2338**	2
6	Mayo Molinero, Ángela	***6913**	0
7	Raquel Ruiz Camuñas	***3047**	0
8	Chen, Ai Wei	****6587*	0
9	Chen, Shuangyin	****4469*	0
10	Mazi, Abdelkhalak	****7168*	0
11	Nazih, Atika	****0832*	0
12	Espiño Meilán, María Jesús	***3826**	0
13	Halloumi, Said	****1564*	0
14	Giráldez López, Antonio	***5992**	0
15	Prado Conde, Adrián	***0476**	0

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos fóra de prazo, xa que existen hortos dispoñibles:

16	25.10.2021	Ahmed Alnasser, Awad	****0869*
17	22.11.2021	Hamrich Karima	****4895*
18	7.12.2021	Santín Digón, Mario	***8097**
19	18.03.2022	Pérez Cedrón, Vanessa	***4390**

TERCEIRO.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos que foron beneficiaria/os da anterior convocatoria, segundo o establecido no artigo 8.g) da ordenanza, dado que existe deficiencia de solicitudes, admítense os seguintes beneficiarias/os da adxudicación dun horto urbano na convocatoria inmediatamente anterior:

20	04.10.2021	Aira Fernández, Teolindo	***6746**
21	06.10.2021	Gómez Sampayo, Jorge	***3280**
22	07.10.2021	Arias López, Marta	***3379**
23	12.10.2021	Román López, Yerai	***2128**
24	20.10.2021	Corbelle Corral, Fernando	***1392**
25	01.02.2022	Sun, Caili	****4571*

CUARTO.- Quedan excluídos como adxudicatarios de hortos urbanos os solicitantes relacionados a continuación, por incumprimento de algún dos requisitos establecidos no artigo 8 da Ordenanza municipal de hortos urbanos

EXCLUÍDOS:

APELIDOS e Nome	DNI	Motivo da exclusión
Vázquez López, Adolino	***0455**	Non presentar: declaración xurada de que tanto o solicitante como o seu cónxuxe ou outros membros da unidade familiar non están en posesión doutra parcela de horto urbano no municipio de Lugo
Azzi, Mohammed	****5041*	Incumprimento dos requisitos do art. 8. 1.c) da ordenanza
Aino, Brahim	****7430*	Non constan datos referentes a esta persoa.
Oumrih, Mohamed	****6787*	Incumprimento dos requisitos do art. 8. 1.c) da ordenanza
Ftough Esshaibi, Hanane	***1759**	Non aportar a solicitude da seguinte documentación: Unha fotografía recente tamaño carné
Pérez Hermida, Pilar Hermida	***1128**	Non presentar a documentación completa. Só aporta solicitude e DNI.
Sánchez Vilariño, Ana María	***2912**	Renuncia

QUINTO.- Tendo en conta que o número de parcelas a adxudicar no "Parque dos Paxariños" é de 32, os adxudicatarios resultantes do proceso abrangerán do número 1 ao 25 (ambos os dous inclusive) do número de orde da listaxe anterior, quedando as 7 parcelas restantes dispoñibles para unha posterior adxudicación.

SEXTO.- Adxudicar o uso das parcelas municipais en que se constitúen os hortos urbanos do Parque de Paxariños conforme ao seguinte cadro no que se recolle a identificación de cada persoa así como o número de horto que se lle adxudica a cada persoa:

Nº de	Apelidos e nome	DNI	Horto nº
-------	-----------------	-----	----------

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4462767778222343586.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2022

Orde			
1	Fontenla Figueroa, Cristina	***1415**	30
2	Sánchez Rausch, Fernando Gabriel	***2439**	26
3	Bichara, Amal	****1892*	1
4	Mouronte Gandoy, María del Carmen	***2139**	28
5	Ventosinos López, Carmen Olga	***2338**	15
6	Mayo Molinero, Ángela	***6913**	14
7	Raquel Ruiz Camuñas	***3047**	8
8	Chen, Ai Wei	****6587*	2
9	Chen, Shuangyin	****4469*	3
10	Mazi, Abdelkhalak	****7168*	12
11	Nazih, Atika	****0832*	17
12	Espiño Meilán, María Jesús	***3826**	16
13	Halloumi, Said	****1564*	18
14	Giráldez López, Antonio	***5992**	24
15	Prado Conde, Adrián	***0476**	19
16	Ahmed Alnasser, Awad	****0869*	20
17	Hamrich Karima	****4895*	21
18	Santín Digón, Mario	***8097**	9
19	Pérez Cedrón, Vanessa	***4390**	29
20	Aira Fernández, Teolindo	***6746**	5
21	Gómez Sampayo, Jorge	***3280**	4
22	Arias López, Marta	***3379**	6
23	Román López, Yerai	***2128**	23
24	Corbelle Corral, Fernando	***1392**	13
25	Sun, Caili	****4571*	7

SÉTIMO.- Publicar este acordo no Taboleiro Electrónico e na páxina Web deste Concello por un período de quince días.

OITAVO.- As persoas adjudicatarias deberán cumprir no uso e aproveitamento do horto que se lle adjudica todas e cada unha das condicións establecidas no Ordenanza municipal de hortos urbanos, publicada no Boletín

Oficial da Provincia de Lugo o 29 de decembro de 2017. Para asegurar o coñecemento das normas incluídas na ordenanza entregaráselle a cada adxudicatario unha copia dela xunto coa notificación da adxudicación do horto.

NOVENO.- A vixencia das autorizacións será de dous anos vexetativos, conforme o establecido no artigo 10.3 da devandita ordenanza.

DÉCIMO.- Este acordo, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar aos/ás interesados/as, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdicción de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía ou a Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Todo isto se prexuízo de que a persoa interesada poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ao seu dereito